



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

Expte. núm. 2024/E001/000008
2024/G003/002426

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE PROMOCIÓN INDUSTRIAL, XESTIÓN ECONÓMICA, EMPREGO, SEGURIDADE E ATENCIÓN CIDADÁ

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1) En data 20/08/2024 (RE núm. 3517), o Concello das Pontes recibe notificación da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Inmigración pola que se lle concede subvención para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego, denominado “EUME IV”, encamiñado á selección de 15 alumnos/as traballadores/as así como persoal directivo, docente e de apoio, tramitado co número de expediente 15/0005/2024 e promovido polos Concello das Pontes, da Capela e das Somozas, ao abeiro do establecido na Orde do 7 de febreiro de 2024, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 38, do 7 de febreiro de 2024).
- 2) O alcalde ditou a providencia de inicio do procedemento, de data 09/10/2024.
- 3) Elaborouse proposta de bases reguladoras do proceso selectivo do alumnado traballador así como do persoal directivo, docente e de apoio, asinadas ambas as dúas o día 17/10/2024.
- 4) En data 18/10/2024 a técnica de administración xeral (TAX) encargada da tramitación do procedemento emitiu un informe xurídico favorable.
- 5) Pola súa vez, a Intervención municipal evacuou o informe favorable de fiscalización núm. 461/2024, do 30 de outubro.
- 6) Mediante o Decreto núm. 1991/2024, do 31 de outubro, apróbase a convocatoria e bases da selección do persoal directivo, docente e administrativo para o "Obradoiro dual de emprego EUME IV".
- 7) O anuncio da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) nº 214 do 06/11/2024.
O prazo de presentación de solicitudes iniciouse o 07/11/2024 e rematou o 13/11/2024.
- 8) A través do Decreto núm. 2112/2024, do 15 de outubro, resolveuse iniciar a selección do persoal directivo, docente e de apoio, designáronse as persoas integrantes do órgano de selección e fixouse o lugar, día e hora de constitución do tribunal.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

- 9) O tribunal, logo de celebrar sesión o día 19/11/2024, elaborou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, de conformidade coas bases da convocatoria.
- 10) Mediante Decreto núm. 2151/2024, do 21/11/2024, aprobou a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, dando comezo o prazo de dous días hábiles para a presentación de emendas e reclamacións.
- 11) O tribunal, logo de celebrar sesións os días 25, 26, 27 e 28 de novembro de 2024, efectuou proposta de contratación a favor das aspirantes que acadaron a maior puntuación para cada posto e propuxo a creación da lista de reserva coas persoas aspirantes que tiveran superado o proceso sen obter praza coa puntuación obtida por orde de maior a menor.
- 12) Os dous primeiros aspirantes da lista de docente de especialidade renunciaron ao chamamento. Tamén renunciaron as seis primeiras persoas aspirantes da lista de administrativo/a.
- 13) En data 10/12/2024 a Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comunica ao concello que a persoa proposta para ser contratada como docente de especialidade reúne os requisitos para ser contratada.
- 14) Todas as persoas aspirantes propostas para a contratación presentaron a documentación requirida polo que procede a súa contratación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Consonte a base núm. 6 das que rexen a convocatoria, achegada a documentación esixida nesta base e acreditada a totalidade dos requisitos, a concelleira delegada ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

A Alcaldía é, en principio, o órgano competente para ditar a presente resolución en virtude da atribución conferida ao alcalde polo artigo 21.1, letras g) e h) da LRBRL. Porén, tal competencia foi atribuída á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá mediante o Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal (BOP núm. 213, do 08/11/2024).

Por todo iso, a través do presente decreto, **RESOLVO:**

- 1) Contratar para o posto de **directora** do obradoiro dual de emprego “EUME IV”, a aspirante que acadou maior puntuación no proceso selectivo, de acordo coa proposta efectuada polo tribunal de selección, que é a seguinte:

Natalia Barro Rochela, con DNI *****6520****, con suxeición ás seguintes condicións:

- a) O contrato é laboral temporal na modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

laboral por un período de 9 meses a tempo completo (modelo de contrato 405).

b) A retribución bruta mensual a percibir será de 2.333,33 € (incluída a parte proporcional das pagas extras).

- 2) Contratar para o posto de **docente de especialidade** de do obradoiro dual de emprego “EUME IV”, á persoa aspirante que acadou a maior puntuación no proceso e aceptou o chamamento, que é a seguinte:

Santiago Liñeira Casal, con DNI *****6492****, con suxeición ás seguintes condicións:

a) O contrato é laboral temporal na modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral por un período de 9 meses a tempo completo (modelo de contrato 405).

b) A retribución bruta mensual a percibir será de 1.925,00 € (incluída a parte proporcional das pagas extras).

- 3) Contratar para o posto de **docente de formación PRL e xestión empresarial** do obradoiro dual de emprego “EUME IV”, a aspirante que acadou maior puntuación no proceso selectivo, de acordo coa proposta efectuada polo tribunal de selección, que é a seguinte:

María Soledad Bellas Mouriño, con DNI *****5064****, con suxeición ás seguintes condicións:

a) O contrato é laboral temporal na modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral por un período de 9 meses a tempo parcial de 20 horas semanais (modelo de contrato 505).

b) A retribución bruta mensual a percibir será de 962,50 € (incluída a parte proporcional das pagas extras).

- 4) Contratar para o posto de **administrativa** do obradoiro dual de emprego “EUME IV”, a aspirante que acadou maior puntuación no proceso selectivo, de acordo coa proposta efectuada polo tribunal de selección, de data que é a seguinte:

Isabel Castro Novo, con DNI *****2759****, con suxeición ás seguintes condicións:

a) O contrato é laboral temporal na modalidade de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral por un período de 9 meses a tempo parcial de 20 horas semanais (modelo de contrato 505).

b) A retribución bruta mensual a percibir será de 758,33 € (incluída a parte proporcional das pagas extras).

- 5) Subscribir os correspondentes contratos e tramitar as preceptivas altas en nómina e na Seguridade Social.

- 6) Aprobar as seguintes listas de reserva para cada posto, por orde descendente de puntuación,



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

cos aspirantes que superaron o proceso sen obter praza, de conformidade coa proposta do tribunal de selección:

Lista de reserva Director/a

Nº ORDE	DIRECTOR/A APELIDOS E NOME	DNI	PUNTOS
1	RODRIGUEZ ALVAREZ, M ANGELES	***3036**	60
2	POL FERNANDEZ, M AZUCENA	***1934**	58
3	BOUZA NASEIRO, PILAR	***9690**	56,25
4	AJA CHAO, FRANCISCO JAVIER	***9717**	48
5	VARELA IGLESIAS, MANUEL	***1482**	47,25
6	LAMELAS RUBIDO, EVA MARIA	***1637**	47,25
7	RODRIGUEZ CABANA, LUCIA	***2638**	34,25
8	GRANDAL CAMPOS, JOSE MANUEL	***0425**	34
9	SAAVEDRA VIZOSO, EMILIO A	***5733**	20,75
10	BELLAS MOURIÑO, M SOLEDAD	***5064**	19
11	VAZQUEZ RODRIGUEZ, MARA JOSE	***1561**	19
12	LOPEZ RAMUDO, SERGIO	***5716**	17
13	RIOS NEIRA, ALBERTO	***9274**	8
14	TOIMIL BUJONES, LAURA	***8700**	0

Lista de reserva Docente especialidade

Nº ORDE	DOCENTE ESPECIALIDADE APELIDOS E NOME	DNI	PUNTOS
1	COELLO DAPENA, SONIA	***6305**	58,75
2	ROMAY CEA, JUAN PABLO	***1896**	56,75
3	CARRACEDO DOMINGUEZ, JOSE	***1764**	53,25
4	VECINO PEREIRO, MARCOS	***9633**	50
5	ZAERA LANDEIRA, ELISEO XULIO	***4908**	49,75
6	FRANCO LOPEZ, MIGUEL ANGEL *	***0124**	64,75
7	RUIZ LEMOS, SEGUNDO *	***7065**	62

* No último lugar da lista porque renunciaron ao chamamento inicial

Lista de reserva mestre/a de formación complementaria xestión empresarial



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

Nº ORDE	MESTRE/A DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA XESTIÓN EMPRESARIAL APELIDOS E NOME	DNI	PUNTOS
1	LOPEZ COBELO, M ALEJANDRA	***0127**	21,25

Lista de reserva administrativo/a

Nº ORDE	ADMINISTRATIVO/A APELIDOS E NOME	DNI	PUNTOS
1	MARTINEZ REIMUNDE, LORENA	***9883**	12,10
2	TOJEIRO PICO, MONICA	***6976**	11,70
3	LOPEZ COBELO, M ALEJANDRA	***0127**	8,25
4	BOLAÑO GOMEZ, SONIA	***3624**	7
5	BOUSO LEJO, ISABEL	***3611**	4
6	CARREIRA CAMBRE, LAURA	***7924**	2,25
7	ACOSTA VIGO, JAVIER	***9074**	1
8	SAMBADE TARRELA, MARÍA JESÚS*	***6441**	43,20
9	CHAO LEAL, MARIA JOSE*	***1043**	30,65
10	MONTERO LÓPEZ, VANESA*	***2775**	25,80
11	RIOS NEIRA, ALBERTO*	***9274**	24,90
12	BELLAS MOURIÑO, M SOLEDAD *	***5064**	24,20
13	LOPEZ RAMUDO, SERGIO *	***5716**	19,30

* No último lugar da lista porque renunciaron ao chamamento inicial

- 7) Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios do Concello das Pontes (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>), a súa páxina web e nas webs e taboleiros dos Concellos das Somozas e da Capela.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: LLA

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego,
Seguridade e Atención Cidadá

Ana María Pena Purriños